

# CDR ANCARES, UN XEITO DE FACER PROMOCIÓN

## 3. METODOLOXÍA DE TRABALLO

**EN TEMPO DE PREDOMINIO DE PROXECTOS “DE GABINETE” “PARACAIDISTAS” NO RURAL, APOSTAMOS POR INCARDINARNOS NA ZONA RESPECTANDO E PROMOVENDO O PROTAGONISMO DA VECIÑANZA.**

Eixos Metodolóxicos:

O punto de partida é sempre unha lectura da realidade feita desde a proximidade, a simpatía e diálogo e a vivencia compartida dos problemas e das solución. A veciñanza é a protagonista e o CDR Ancares é mero colaborador e animador: os nosos éxitos e fracasos veñen marcados polos seus.

Formación: Tanto do propio equipo do CDR como das persoas pertencentes ós colectivos beneficiarios dos programas.

A transformación da realidade desde unha perspectiva realista, positiva, esperanzadora é o elemento de partida e de chegada para a formación e a animación.

Dispor dun local ó que a xente poida acudir con confianza pero, como a dispersión da poboación é moi grande e as dificultades para comunicarse e

que o lugar preferente de traballo de técnicas e técnicos e voluntarias e voluntarios sexan as casas e aldeas e as/os animadoras/es viaxen constantemente pola zona para visitar, animar, apoiar, asesorar, coordinar, acompañar...